



Ríos distintos cada vez

Nos dominios da contraditoria beleza

LAURA CAVEIRO

“Todo flúe e eu quero ser todos eses ríos distintos cada vez”, escribiu Lois Pereiro. Da vitalidade das palabras nacen as cambiantes paisaxes da súa literatura. Ningunha delas poderá seguir sendo a mesma porque calquera deses ríos que o escritor soñaba nos transporta e fai que cada poucos quilómetros o terreo vaia mudando. Alá lonxe fica a néboa en Monforte, máis lonxe a natureza de Góo, alá a noite de cervexa e whisky de Edinburg... O lector esvara polas paisaxes de Pereiro como un viaxeiro seguiría o curso da corrente, deixándose levar polas augas que cambian mentres ve desaparecer en pouco tempo aquilo que pasa ante os seus ollos. A contraditoria beleza do efémero.

Lévannos, unha e outra vez, os versos de Pereiro aos dominios da

contraditoria beleza, “E o corpo envenenado pasea o castigo/ do sangue agromado da forza de deus”. Recenden ao mundo gótico que inzou a atmosfera de Gondal de Emily Brönte. Chegan a mergullarse nesa cultura tan recorrente tamén a finais do século XX “na luz que descobre e pervirte/a memoria gótica do terror/que sinto”. Se o verso de Brönte “No coward soul is mine” é venerado polos seus seguidores como se fose o seu epitafio, non menos vene-

rado é esoutro “de vida e de furia necesaria” que Pereiro nos deixou. E se algo hai de certo na afirmación de que cada época xera iconas que lle son propias, aí fican ad aeternum eses versos crepusculares doutra alma non covarde, espello do tempo que lle tocou vivir e símbolo da posmodernidade.

Tamén foron espello do seu tempo os poemas non menos singulares que os días de efervescencia do Subcomandante Marcos e do Exército Zapatista de Libera-

ción Nacional inspiraron a Lois Pereiro. O titulado “Amor e sangue en Chiapas” poderíamos lelo como unha resposta á pregunta que se fai coma saúde tzotzil: “¿como está o teu corazón? /Nel atoparemos un corazón rebelde e zapatista/ obrigado a loitar polo evidente/cunha serea furia/antiga e sabia.” De causas polas que loitar, e de quen está condenado a transportar sobre os seus ombreiros a enorme pedra que volve caer montaña abaixo, ben sabía o escri-

tor que levaba sobre os seus ombreiros a enfermidade que sempre o obrigaba a comezar de novo. Moito hai de Sísifo nas palabras de Lois Pereiro, como a xeito de diario, do oito de maio de 1995: “Tempo, terei o xusto. Non vou chorar por iso. No mundo que puiden reconstruír son como Atlante: se eu perdo a forza, todo se derruba...”. Moito hai na súa poesía do Atlante que sostén as columnas sobre as que se apoia o ceo: “Aque-la noite/ collín a man polo frío dos dedos/e paseima docemente polos beizos/querendo atopar os sinais /dos derradeiros berros abortados”. Sabendo da beleza do ceo que debe soste escribirá o dezanove de maio de 1995: “Toda a Arte é miña, e a beleza está aí para admirala; pero todo o que eu amará que ser libre”.